

## ACTA

En Arzúa, a 7 de xullo de 2017.

Sendo as 13.00 horas, reúnen no Salón de Comisións dentro da Casa do Concello, os membros da Comisión Seleccionadora, que cualificará o exercicio sobre **coñecementos do idioma galego**, previsto no proceso de selección dun operario de servizos varios, para ser contratado na modalidade de contrato interino, ata que se cubra a praza de operario de servizos varios que se atopa vacante na plantilla de persoal laboral ao servizo deste Concello; e elo, de conformidade coa Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 8 de maio de 2017.

Asisten a esta reunión os seguintes catro integrantes da Comisión Seleccionadora:

Presidente: Luis Fole Barrio (*Arquitecto técnico municipal do Concello de Arzúa*).

Vogais:

- Ramón Vereá Castelo (*Encargado de mantemento dos servizos municipais*).

- Jesús Rúa Taboada (*Conductor e operario de servizos varios do concello de Arzúa*).

Secretario: Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-- o presidente declarou constituída dita Comisión Seleccionadora, dispoñendo que seguidamente se ía proceder a realizar o exercicio sobre coñecemento do idioma galego, consistente en traducir directamente do castelán ao galego cinco frases propostas pola Comisión Seleccionadora durante un tempo máximo de quince minutos, sen axuda de diccionario.

Para o cal o Presidente e os dous vogais da Comisión Seleccionadora confeccionaro as cinco frases que tería que traducir do castelán ao galego o aspirante Javier Valiño López, por non acreditar que estivera en posesión do Celga 2, ou equivalente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Así, unha vez entregado o folio que contén as cinco frases en castelán, co suficiente oco entre esas frases para poder ser traducidas ao galego; fíxolle saber ao aspirante que dispoñía de quince minutos para realizar esta tradución, sen a axuda do diccionario, desde as 13,10 horas ata as 13.25 horas.

Dándose a circunstancia de que, antes de transcorrer o prazo dos quince minutos, o aspirante entregou o exercicio realizado; polo que acto seguido procedeuse a súa corrección; outorgándolle -por unanimidade dos membros da Comisión Seleccionadora- unha calificación de dous puntos, sobre 2,50 puntos posibles.

En consecuencia con todo o exposto; e resultando (*conforme ao disposto na Base Décima*):

- Que a puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtida no exercicio teórico, no exercicio práctico e na proba sobre coñecemento do idioma galego.

- Que a Comisión Seleccionadora aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. alcalde -para súa contratación- ao aspirante que obtivera

a maior puntuación.

- Que, para o suposto de que o aspirante proposto non poidera acreditar os requisitos necesarios para ser contratado, ou renunciase a tal contratación, esa proposta trasladaríase a favor do seguinte ou seguintes aspirantes en orde de puntuación.

Adoptáronse –por unanimidade dos membros integrantes da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Formular a proposta de contratación a favor do aspirante: don **Javier Valiño López**, para desempeñar o posto de traballo de operario de servizos varios, na modalidade de contrato interino, co obxecto de realizar as funcións previstas na Base Primeira das que rixen este proceso de selección; por canto que dito aspirante obtivo a maior puntuación total, tal como se deduce do cómputo de puntuacións que figuran no seguinte cadro:

Nome e apelidos	Exercicio teórico	Exercicio práctico	Proba Galego	Total
Javier Valiño López	14	10	2	26
José Luis Ramos Ferreiro	14	5,66	2,5	22,16
Juan José Paz Quinteiro	12,5	5,55	2,5	20,55

**Segundo.-** Concretar que, para o suposto de que o aspirante proposto non presentase a documentación necesaria para ser contratado, dentro do prazo os tres días hábiles seguintes ao da publicación deste acta no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, ou renuncie en calquera momento a súa contratación, a proposta -realizada ao seu favor- entenderase realizada a favor do seguinte aspirantes por orde de puntuación que tamén superou este proceso de selección. E igual acordo de adopta para o suposto de que ese aspirante renuncie a ser contratado.

**Terceiro.-** Dispoñer a publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello dun exemplar desta acta:

**a)** Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

**b)** Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do día seguinte a publicación desta acta), co obxecto de que o aspirante proposto poida presentar a documentación esixida na Base Decimoprimeira das que rixen o proceso de selección.

Co cal douse por rematado o acto, ás 13.40 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora, e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.